

## Artigo 2º

En aplicación do artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, a estrada AC-416 e os treitos mencionados das estradas AC-414 e AC-552 incorporaranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Carballo.

## Artigo 3º

A entrega das vías formalizarase, no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto, no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

## Artigo 4º

Correspóndenlle ao Concello de Carballo, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías; así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das estradas.

*Disposición derradeira*

Este decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Pontevedra, vinte e un de maio de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas

*Decreto 309/2009, do 21 de maio, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de acondicionamento da estrada PO-255, treito: Ponte Caldelas-PO-250 (Forzéns), e PO-241, treito: Caritel-A Lama, clave PO/07/033.01.*

Con data do 18 de marzo de 2009 o director xeral de Obras Públicas, por delegación da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, resolveu aprobar o proxecto de acondicionamento da estrada PO-255, treito: Ponte Caldelas-PO-250 (Forzéns), e PO-241, treito: Caritel-A Lama, clave PO/07/033.01.

A xustificación da urxencia de ocupación dos bens e dereitos precisos para a execución do proxecto de mellora de acondicionamento da estrada PO-255, treito: Ponte Caldelas-PO-250 (Forzéns) e PO-241, treito: Caritel-A Lama, vén motivada polas carencias e deficiencias desta estrada pois trátase dunha vía cun trazado moi antigo e moi sinuoso, cunha sinestrabilidade que, polas súas características (saídas de vía, colisións frontais), poderíamos vincular a estas deficiencias.

Estas circunstancias obrigan a unha inmediata actuación dos poderes públicos para preservar a seguridade tanto das persoas coma dos automobilistas, de aí a necesidade de proceder de forma inmediata a execución do proxecto de referencia e consequentemente a unha urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para esta actuación os cales aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación con previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día vinte e un de maio de dous mil nove,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído así como en calquera das modificacións que sexa necesario realizar para a súa execución, para efectos de expropiación no proxecto de acondicionamento da estrada PO-255, treito: Ponte Caldelas-PO-250 (Forzéns), e PO-241, treito: Caritel-A Lama, clave PO/07/033.01.

Pontevedra, vinte e un de maio de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Resolución do 27 de maio de 2009, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se adxudica a praza do lectorado de lingua, literatura e cultura galegas na Universidade do Estado do Río de Janeiro, convocada mediante Resolución do 31 de marzo de 2009.*

A Resolución do 31 de marzo de 2009 (DOG nº 67, do 7 de abril) establece as bases que regulan a con-

vocatoria extraordinaria; en réxime de concorrencia competitiva e con sometemento aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade; da praza do leitorado de lingua, literatura e cultura galegas na Universidade do Estado do Río de Janeiro.

Visto o informe e a proposta de adxudicación presentados pola comisión de valoración constituída ao abeiro do artigo 8 da devandita resolución, acompañados da aceptación expresa por parte da candidata proposta, este secretario xeral, en uso das atribucións que lle confire a disposición transitoria, alínea c), da orde, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 19 de maio de 2009 de delegación de competencias nos órganos superiores e nas xefaturas territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

### DISPÓN:

#### Artigo 1º

Aprobar definitivamente a relación de admitidos que se especifica no anexo I.

#### Artigo 2º

Pór de manifesto que todos os candidatos presentados cumprían cos requisitos de participación exixidos e que, polo tanto, non se inclúe ningún solicitante na relación de excluídos.

#### Artigo 3º

Nomear leitora de lingua, literatura e cultura galegas, con destino na universidade que se especifica e coas condicións establecidas na resolución da convocatoria, a persoa relacionada no anexo II.

#### Artigo 4º

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o/a titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2009.

Anxo M. Lorenzo Suárez  
Secretario xeral de Política Lingüística

### ANEXO I

Relación de admitidos					
Nº	Apelidos e nome	Universidade/s solicitada/s (orde de preferencia)			
		1º	2º	3º	4º
1	Juane Verfísimo, Xosé Manoel	do Estado do Río de Janeiro			
2	Varela Fernández, Iria	do Estado do Río de Janeiro			

### ANEXO II

Adxudicación de lectorados		
Universidade	Apelidos e nome	NIF
do Estado do Río de Janeiro	Varela Fernández, Iria	33339481-S

### CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Resolución do 25 de maio de 2009, da Secretaría Xeral para o Turismo, pola que se delegan competencias nos/as xefes/as territoriais e no subdirector de Ordenación do Turismo.*

Tendo en conta o grande volume de actividade administrativa que a normativa lle atribúe á Secretaría Xeral para o Turismo, co fin de evitar unha concentración excesiva e lograr unha maior axilidade administrativa que redunde en beneficio tanto da Administración como dos administrados, faise conveniente que, dentro do respecto aos principios informadores da actuación administrativa e con suxeición á normativa legal vixente, se deleguen nos/nas xefes/as territoriais e noutros órganos determinadas competencias.

Na súa virtude, facendo uso das atribucións que me confire o artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

### DISPOÑO:

1. Delegar nos/as xefes/as territoriais da Consellería de Cultura e Turismo o exercicio das seguintes competencias:

a) Autorización das modificacións de grupo, categoría, capacidade, superficie, modalidade, denominación e calquera outra que modifique as condicións nas que se outorgou a autorización turística dos establecementos hoteleiros e de turismo rural.

b) Autorización das modificacións de categoría, capacidade, superficie, denominación e calquera outra que modifique as condicións nas que se outorgou a autorización turística das cidades de vacacións, dos apartamentos, bungalows e outros aloxamentos similares de carácter turístico, dos campamentos de turismo e dos restaurantes e cafeterías.